

CONTROL TEMA 5 DE LINGUA GALEGA- 19 DE XANEIRO DE 2021

1. Une con frechas cada columna, segundo estean relacionadas:

Palabras primitivas:	- portan o significado léxico das palabras
Morfema flexivo:	- son os que serven para formar palabras derivadas a partir dunha palabra primitiva
Morfema derivativo:	- dispón de vogal temática (que é a que marca a conxugación á que pertence o verbo), e morfemas de número e tempo
Palabras derivadas	- son as que non derivan doutra palabra e están compostas por un lexema e morfemas flexivos.
Lexemas:	- son as que están formadas a partir doutra palabra ou de varias palabras
Raíz:	- son os que achegan as nocións de xénero e número

2. Elixe a resposta correcta clicando nela:

Cantaban: -aban (morfema de tempo)	-aban (lexema de tempo)
Fermosas: -s (morfema flexivo de número)	-s (morfema flexiblo de xénero)
Hipermercado: hiper- (morfema flexivo)	hiper- (morfema derivativo)
Cochazo: -azo (morfema flexivo)	-azo (morfema derivativo)
Flacucho: flac- (lexema)	flac- (raíz)

3. Une con frechas:

Pareado	ABA
Serventesio	aa
Cuarteto	ABBA
Terceto	ABAB

4. Elix a resposta correcta segundo o análise métrico do seguinte poema:

Hai quilómetros de música
astronómica e fantástica,
que ten múltiples barómetros
de tarántulas mecánicas.
Coas farándulas frenéticas
das ingravidas gramáticas
soa múltiple e metódica,
e modélica e dinámica. [...]

TIPO DE RIMA:

TIPO DE ARTE:

5. Indica que pronomes son átonos e cales tónicos

1. **Ti** non podes vir con **nós**, non temos suficiente espazo no noso coche.
2. **El** díxolle ben claro ao encargado que non ía xogar con **nós**.
3. **Conteilles** moitas cousas da miña vida, fíxeno, admítoo.
4. **A min** gústame moito montar con **eles** na nora.
5. **Vostede** está equivocado, **eu** non **o** vexo da mesma maneira.

6. Da un clic nas frases que están ben escritas

- a. Ela marchou cedo, para que déselle tempo a chegar á casa.
- b. Non vos comprende ningún
- c. Canto queresme?
- d. Sempre me fai o mesmo
- e. Che mercarei un o Domingo

7. Coloca os signos de puntuación adecuados nos seguinte texto:

Un día todas as cores desaparecen do val no que viven os Mumin
 Mumintröll emprende unha perigosa misión para pescudar se o
val está ameazado de verdade pola chegada dun cometa unha
viaxe chea de fantasía humor e tenrura na que fará bos
amigos

Tove Jansson, *A chegada do cometa*, Sushi Books, 2014.

8. Completa o enunciado coas palabras que faltan:

- Empregamos os _____ para indicar que unha oración queda interrompida ou en suspenso
- Úsanse para interromper unha oración expresan do temor, dúbida, reticencia, intriga, emoción...:
- Tamén se usan para indicar que se evita unha palabra malsoante ou subliñar que unha enumeración está incompleta ou queda aberta
- Así mesmo, para sinalar a eliminación de parte dun texto que se cita, normalmente entre parénteses ou corchetes

9. Escribe a palabra que corresponde a cada definición:

- Adx. Que produce medo ou arrepío.
- Subs. Tremor brusco e sensación de frío que, ás veces, acompaña á febre nunha enfermidade.
- Subs. Persoa que actúa ás ordes doutra ou doutras levando a cabo accións violentas.
- Adx. [Comida] que gorenga ou gusta moito.
- Vbo. [Gato] emitir o seu son característico.
- Subs. Olor agradable
- Subs. Cavidade feita nun muro ou parede para sepultar un cadáver.